

Este venres o Asteroide 2012 DA14 achegarase polos ceos das Rías Baixas.

Escrito por Pablo Martínez Alemparte (AARB)

Martes, 12 Febreiro 2013 23:07

e unhas 130000 toneladas de masa, que achegarase a uns 27.700 quilómetros da Terra, o que supón case uns 8000 metros mais preto que moitos dos satélites de telecomunicacións que temos orbitando o noso fogar planetario. Como advirten os investigadores, é distancia mais que suficiente para descartar a posibilidade de impacto, pero de chegar a producirse o encontro entre a Terra e un asteroide destas características, as consecuencias na area de impacto serían catastróficas e aí radica a importancia das redes de vixilancia xa que de todas as catástrofes naturais a única que pode ser evitada grazas a prevención e a dos impactos meteoríticos.

Agárdase que este venres moita xente intente observar o paso próximo deste asteroide que entre as 21:00 e as 23:00 horas atravesará o ceo pola rexión circumpolar e mais concretamente entre as constelacións da Osa Maior e o Dragón. Teñamos en conta que a observación dun corpo destas características situado a esa distancia non é sinxela xa que non presentará un brillo moi elevado e precisamente por iso farase necesario o uso de prismáticos de certo diámetro ou telescopios de afeccionado. O que miraremos será a imaxe dunha “estrela” modesta, de magnitude entre 7 e 9 que irase desprazando a una velocidade de 30 grados/hora sobre o fondo de estrelas.

Dende Galicia o Observatorio Astronómico de Forcarei ten organizada una actividade aberta para esa noite, con varios telescopios que tentarán seguir e rexistrar o paso do asteroide. Parece que a meteoroloxía acompañará pero as temperaturas serán baixas polo que a recomendación de saír aos distintos puntos de observación moi abrigados faise fundamental.

Simulación da órbita e aproximación á Terra do asteroide 2012 DA14 por Chirs Laurel, creador dos programas [Cosmographia](#) e [Celestia](#)

{youtube}S7YTmS6U8WM{/youtube}

Este venres o Asteroide 2012 DA14 achegarase polos ceos das Rías Baixas.

Escrito por Pablo Martínez Alemparte (AARB)

Martes, 12 Febreiro 2013 23:07

